



# Concello de Monterroso

## PROXECTO E BASES

### COMERCIO NA RÚA, MARZO AGOSTO 2023

#### XUSTIFICACIÓN:

O Concello de Monterroso, en colaboración cun grupo de empresarios da vila convoca e participa na organización do evento FEIRA DE OPORTUNIDADES, os días 11 e 12 de agosto, co obxectivo de incentivar e potenciar o consumo na vila.

#### EVENTO:

Apertura dos comercios participantes na rúa, para poder mover o stock almacenado, promocionando o consumo na vila.

Os negocios poderán ocupar solo público durante os días 11 e 12 de agosto en horario comercial para poder desenvolver a actividade e exporán ao público os distintivos que lles proporcionará o Concello.

O Concello desenvolverá un sorteo de 450'00 € en 15 tarxetas regalo dos comercios participantes por importe de 30'00 €, segundo bases que se axuntan.

#### CALENDARIO:

Venres, 11 de agosto.- Apertura de negocios

Vendas e entrega de papeletas de sorteo

Sábado, 12 de agosto.- Apertura de negocios

Vendas e entrega de papeletas de sorteo

Luns, 14 de agosto.- Entrega no Espazo Cultural Lorenzo Varela das papeletas

antes das 10:00 h. da mañá

Sorteo único



## Concello de Monterroso

### **BASES DE PARTICIPACIÓN:**

A campaña desenvolverase os días 11 e 12 de agosto, dentro do evento FEIRA DE OPORTUNIDADES.

Os negocios interesados en participar deberán inscribirse antes do día 2 de agosto, por whatsapp no teléfono da traballadora de cultura. Tamén farán constar as mesas que precisan para desenvolver á actividade.

O Concello proporcionará aos negocios participantes as bandeirolas que estarán obrigados a poñer en zona visible o día do evento e bolsas de papel co lema “En Monterroso, sen ir máis lonxe”.

### **BASES DO SORTEO:**

A campaña desenvolverase os días 11 e 12 de agosto, dentro do evento FEIRA DE OPORTUNIDADES.

Os negocios interesados en participar deberán inscribirse antes do día 2 de agosto, por whatsapp no teléfono da traballadora de cultura, e presentar unha factura polo cheque regalo xunto co correspondente cheque regalo para o sorteo.

O Concello proporcionará aos negocios participantes as papeletas e urnas para desenvolver o sorteo, estes deberán cubrir o recadro correspondente para coñecer a procedencia das papeletas.

Non se poderán presentar ao sorteo os titulares dos comercios participantes, se son persoas físicas ou se os empresarios son persoas xurídicas, os socios, os seus familiares directos (cónxuxes, ascendentes ou descendentes en primeiro grado) ou os seus empregados, con papeletas obtidas por compras no seu propio establecemento.

Considéranse papeletas válidas as que conteñan todos os datos requiridos para a identificación dos participantes (nome, apelidos e teléfono) para así poder localizalos para realizar a entrega do premio.

O sorteo realizarse o día 14 de agosto a partir das 11:00 h. no Espazo Cultural Lorenzo Varela e será retransmitido por redes sociais.

### **Anexo I: Listado de premios**

15 tarxetas regalo de todos os negocios participantes valorados en 30'00 € cada un.